

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2023 pola que, en execución de sentenza, se complementa a oferta de emprego público desta universidade e dos seus entes adscritos para o ano 2022.

O día 31 de maio de 2022, ten lugar a publicación no DOG da Resolución do 25 de maio de 2022 pola que se publica a oferta de emprego público desta universidade e dos seus entes adscritos para o ano 2022.

O día 18 de xullo de 2022, ten lugar a publicación no DOG da Resolución do 11 de xullo de 2022 pola que se corrixe a oferta de emprego público para o ano 2022.

O día 28 de febreiro de 2023, dítase a Sentenza 23/2023, do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, en virtude do cal se estima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución do 25 de maio de 2022 (DOG núm. 103, de 31 de maio) pola que se publica a oferta de emprego público da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e dos seus entes adscritos para o ano 2022, seguido como procedemento abreviado nº 243/2022, e se condena a USC a ditar, en execución desa sentenza, unha nova resolución que complementa a anterior, para os únicos efectos de engadir a praza que viña ocupando a demandante do dito procedemento con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

O día 14 de xuño de 2023 notifícaselle á USC a dilixencia de ordenación do 5 de xuño de 2023 en que se declara a firmeza da sentenza.

O día 15 de xuño de 2023 dítase a resolución reitoral pola que se resolve, en execución de sentenza, que se dite resolución que complementa a OEP para o ano 2022 da USC e os seus entes adscritos para engadir a praza que viña ocupando a demandante nos autos referidos *ut supra*, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

A dita praza pertence á categoría de técnico especialista de investigación, grupo III.1, polo que complementaríase o anexo VI da oferta de 2022, que engade prazas no ámbito do persoal empregado investigador que cumpran os criterios previstos nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, incluído o persoal indefinido non fixo declarado con posterioridade á entrada en vigor desta lei.



En vista do anterior, e en virtude das competencias que me outorgan os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

RESOLVO:

Modificar o anexo VI, oferta de estabilización extraordinaria de prazas de persoal empregado investigador, da oferta de emprego público desta universidade e dos seus entes adscritos para o ano 2022, mediante a inclusión da praza que se indica:

Oferta de estabilización extraordinaria de prazas de persoal empregado investigador			
Código	Dedicación	Categoría	Total
PEI0117	TC	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	1

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2023

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

